

## CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DE TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SA (TUSSA), CON CARÁCTER INDEFINIDO.

### **PRAZA QUE SE CONVOCÀ: UNHA PRAZA DE AXENTE DE APARCADOIRO**

Os/as interesados/as deberán presentar as solicitudes acompañadas da fotocopia do DNI, *curriculum vitae* e demais documentación que acredite os méritos alegados nas oficinas de TUSSA (directamente ou por correo certificado), situadas na praza de Camilo Díaz Baliño, s/n, 15704 Santiago de Compostela, en horario de mañá, dentro do prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao publicación deste anuncio, indicando en lugar visible a seguinte referencia “Selección Axente de Aparcadoiro”.

- **Requisitos indispensables:**
  - Estar en posesión do Graduado Escolar ou titulación equivalente.
  - Estar en posesión do carné de conducir B.
  - Estar en posesión do Celga 2 ou superior. Os interesados que non aporten este documento, deberán acreditar o coñecemento do galego mediante a superación da proba.  
(Estes requisitos deberán acreditarse mediante documentación oficial)
  - Estar en situación de desemprego ou ter concertado un contrato temporal de duración determinada con TUSSA no momento da formalización do contrato.
- **Valorarase:**
  - Experiencia no sector de aparcadoiros, garaxes, atención ao público e mantenimiento.
  - Coñecemento da cidade (rúas e lugares turísticos).
  - Coñecementos de idiomas.
  - Outros méritos relevantes para a praza: cursos...
- **Retribucións:** as que se recollen no Convenio Colectivo de ámbito autonómico de Galicia para o sector de aparcadoiros, garaxes e estacionamentos regulados de superficie.
- **Tipo de contrato:** Indefinido, co período máximo legal de proba (dous meses).
- **Procedemento de selección:**

#### **FASE DE ADMISIÓN:**

Con carácter previo á realización das probas o Tribunal fará unha preselección tendo en conta a acreditación oficial da posesión dos requisitos necesarios (agás o que se deba acreditar no momento da formalización do contrato). As listas de admitidos estarán expostas nas oficinas de TUSSA.

#### **FASE DE SELECCIÓN:**

1. Proba tipo test sobre coñecementos de galego, de carácter eliminatorio.
2. Proba tipo test de carácter eliminatorio (MÁXIMO 25 PUNTOS)

Sobre cálculos numéricos básicos para o posto, aspectos xerais e turísticos da cidade de Santiago de Compostela, funcionamento de aparcadoiros, convenio colectivo do sector e/ou cultura xeral.

O tribunal fixará o sistema de superación destas probas, que se dará a coñecer aos aspirantes con carácter previo á realización das mesmas.

3. Concurso de méritos onde se valorarán, entre outros aspectos, os distintos méritos acreditados (MÁXIMO 10 PUNTOS).

- Títulos oficiais de idiomas ou acreditación do mesmo: ata un máximo de 3 puntos. Outorgarase ata un máximo de un punto polo coñecemento do inglés, ata un máximo de un punto polo coñecemento de francés e ata un máximo de un punto polo coñecemento de alemán. A valoración de cada idioma realizarase segundo o nivel acreditado en cada uno dos idiomas segundo a seguinte táboa:

Nivel de formación	Puntos
A1	0,20
A2/KET	0,40
B1/PET	0,55
B2/FIRST	0,70
C1/ADVANCED	0,85
C2/PROFICIENCY	1,00

- Cursos de informática (manexo de sistema operativo e ofimática (word e excel ou software libre semellante) e atención ao público, ata 3 puntos.
  - Os cursos de sistema operativo valoraranse ata un máximo de 1 punto dependendo do número de horas do curso coa seguinte ponderación:

Nivel de formación	Puntos
Ata 20 horas	0,25
De 21 a 50 horas	0,50
De 50 a 100 horas	0,75
Máis de 100 horas	1,00

- Os cursos de ofimática valoraranse ata un máximo de 1 punto dependendo do número de horas do curso coa seguinte ponderación:

Nivel de formación	Puntos
Ata 20 horas	0,25
De 21 a 50 horas	0,50
De 50 a 100 horas	0,75
Máis de 100 horas	1,00

- Os cursos de atención ao cliente valoraranse ata un máximo de 1 punto dependendo do número de horas do curso, coa seguinte ponderación:

Nivel de formación	Puntos
Ata 20 horas	0,25
De 21 a 50 horas	0,50
De 50 a 100 horas	0,75
Máis de 100 horas	1,00

- A experiencia laboral: dous puntos por cada ano de servizo en TUSSA ou outras empresas públicas de aparcadoiros e un punto por ano de servizo en aparcadoiros, garaxes ou mantemento, ata un máximo de 4 puntos.

#### 4. Entrevista persoal: ata 10 puntos.

Segundo a orde de puntuación, contratarase á persoa que acade a maior delas e crearase unha lista para os efectos de futuras necesidades de contratación temporal nos 3 anos seguintes, para prazas semellantes, por orde de puntuación con todos os aspirantes que superaran os test eliminatorios.

Esta lista de candidatos prevalecerá sobre as anteriores que houbera na empresa TUSSA, para prazas semellantes, e servirá tanto para as mencionadas necesidades de contratación temporal como para cubrir a vacante fixa no caso de que se produza a extinción do contrato do traballador contratado (relevista) no período mínimo legal.

- **Protección de datos:**

De conformidade co disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei 15/1999 de 13 de decembro, os datos persoais que aportan os aspirantes con motivo da súa participación serán conservados nun ficheiro automatizado titularidade da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA, coa finalidade de xestionar o proceso de selección de persoal.

TUSSA, como responsable do ficheiro, garante e recoñece o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos facilitados, dereitos que poderá exercitar mediante escrito dirixido ao seguinte enderezo: praza de Camilo Díaz Baliño, s/n, 15704 Santiago de Compostela.

Estas bases aprobarónse en Consello de Administración da Sociedade Municipal TUSSA, na súa reunión de 11 de maio de 2017.

Aso./Martíño Noriega Sánchez  
 Presidente do Consello de Administración